

TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: SERVICIO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE
TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.
EXPTE. 2022/ABSTURISMO/000001

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA CONSELLEIRA DELEGADA DE TURISMO DE PONTEVEDRA S.A.

Examinado o expediente do contrato de servizos que se menciona na parte dispositiva desta proposta de acordo, resultan relevantes os seguintes feitos:

- 1.- A Conselleira delegada de Turismo de Pontevedra, acordou o inicio do expediente de contratación do contrato de servizos de información turística.
- 2.- A Conselleira delegada de Turismo de Pontevedra aprobou os pregos de condicións e o expediente de contratación que se menciona na parte dispositiva deste acordo.
- 3.- O anuncio de licitación determinado no prego de condicións, así coma o prego foron publicados no perfil de contratante da sociedade mercantil Turismo de Pontevedra, S.A.
- 4.- Á licitación presentáronse as seguintes empresas

EMPRESAS QUE SE PRESENTARON A ESTE PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN	PRINTES SECURITY ADVICE SL
	ATLANTIC PONTE 2000 SLU
	EULEN S.A
	PEÑAJERRERA SL

A data de finalización do prazo de presentación de proposicións foi o 08 novembro 2022, e a empresa PEÑAJERRERA SL presentou a súa proposición a través de empresa de mensaxería, tendo entrada no rexistro da empresa Turismo de Pontevedra, S.A o 09 novembro 2022, non constando remisión de xustificante, incumprindo desta forma o establecido no prego de cláusulas administrativas que establece que as proposicións poderán presentarse no rexistro de Turismo de Pontevedra, S.A. ou a través da oficina de Correos, anunciando, neste caso, no mesmo día, a remisión da proposición mediante télex, fax ou telegrama. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a proposición no caso de que se reciba fóra do prazo fixado no prego.

Así, segundo os feitos constatados, a mesa de contratación procedeu á inadmisión da empresa PEÑAJERRERA SL á licitación arriba indicada por presentación de proposición fóra de prazo.

O resto das empresas presentaron as ofertas dentro do prazo establecido e na forma requerida no prego de cláusulas administrativas particulares, polo que as proposicións foron admitidas a trámite.

5.- As ofertas admitidas foron obxecto de valoración por parte da mesa de contratación tendo en conta os informes técnicos de valoración.

6.- A mesa de contratación propuxo a exclusión da clasificación da empresa PRINTES SECURITY ADVICE SL que segundo o informe técnico emitido, presentaba valores anormais ou desproporcionados motivado pola realización dun cálculo erróneo das horas previstas no prego de cláusulas administrativas particulares e polo tanto non se axusta a oferta económica ao solicitado en ditos pregos.

TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.

7.- Finalmente, a mesa de contratación propuxo como oferta máis vantaxosa a determinada na parte dispositiva deste acordo polos motivos expostos nos acordos da mesa de contratación, e no seu caso, polos informes técnicos emitidos.

8.- Segundo o establecido no artigo 150.2 da LCSP e a requerimento da Conselleira Delegada da entidade Turismo de Pontevedra S.A, o licitador proposto aportou, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a adxudicación do contrato referido no punto 1.

Fundamentos xurídicos:

1.- Cumpríronse os trámites dispostos na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/ue e 2014/24/ue, do 26 de febreiro de 2014, para seleccionar a oferta máis vantaxosa no contrato que se menciona na parte dispositiva deste acordo. De conformidade co citado artigo 150, debe procederse por parte do órgano de contratación a clasificar as ofertas así como requirir á empresa que presenta a oferta máis vantaxosa para que no prazo de dez días hábiles presente determinada documentación. Así mesmo, este órgano deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da recepción citada anteriormente. A adxudicación prodúcese coa presente resolución

2.- En sesión celebrada o 23 de setembro de 2019, o Consello de Administración da sociedade, de conformidade co previsto no artigo 21 dos Estatutos da sociedade, e coa finalidade de dotar a este dunha maior axilidade, operatividade e eficacia no exercicio das súas funcións designou Conselleira Delegada a Dona M^a Gloria Blanco Rial, delegando nela todas as facultades do Consello de Administración, agás as indelegables e de conformidade co artigo 21 dos Estatutos polos que se rexe a Sociedade.

Á vista do exposto, adóptase o seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar válido o seguinte procedemento aberto relativo ao contrato de servizos de información turística de Turismo de Pontevedra, S.A.

Segundo.- Inadmitir a proposición da empresa PEÑAJERRERA SL á licitación arriba indicada por presentación de proposición fóra de prazo.

Terceiro.- Excluir da clasificación a proposición da empresa PRINTES SECURITY ADVICE SL, por presentar a ofertar valores anormais ou desproporcionado motivado por erro no cálculo de horas previstas no prego de condicións e polo tanto non axustarse a oferta económica ao solicitado en dito prego de condicións.

Cuarto.- De conformidade coas ofertas presentadas polas empresas e admitidas neste procedemento aberto, e das actuacións da mesa de contratación do contrato de servizos de información turística, clasificar ás entidades neste procedemento na seguinte orde, especificando a puntuación parcial e total destas entidades:

	EULEN S.A.	ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U.
MELLOR PROGRAMA DE XESTIÓN	40	35,3
OFERTA ECONÓMICA	36,2	40
TOTAL	76,2	75,3

Quinto.-Aceptar e asumir todos os acordos da mesa de contratación do contrato de servizos mencionado no apartado anterior así como os informes emitidos, e de conformidade con estes acordos e informes, e polas motivacións expostas nos mesmos, considerar que a oferta máis vantaxosa é a e que de seguido se relaciona, cuxa puntuación é a seguinte:

TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.

	EULEN S.A.
MELLOR PROGRAMA DE XESTIÓN	40
OFERTA ECONÓMICA	36,2
TOTAL	76,2

Sexto.- Aceptar e asumir todos os acordos da mesa de contratación do contrato de servizos de información turística así como os informes emitidos, e de conformidade con estes acordos e informes e polas motivacións expostas nos mesmos, **adxudicar** o contrato de servizos mencionado a entidade que se relaciona de seguido, toda vez que cumpriu co requirimento efectuado polo órgano de contratación de conformidade co art. 150.2 da LCSP, con plena suxeición ao prego de condicións que rexen o contrato e a oferta formulada polo adxudicatario, polo seguinte prezo:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA
EULEN S.A	59.500 +12.495= 71.995 €

Sétimo.- Requirir á adxudicataria EULEN S.A co CIF:A-28517308 para que proceda á formalización do contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes a recepción da notificación da presente resolución, tal e como se establece no art.19 do prego de condicións.

Oitavo.- Unha vez que se formalice o contrato, publicar anuncio de formalización no perfil do contratante do órgano de contratación.

Noveno.- Dar traslado do presente acordo á entidade adxudicataria e aos licitadores. A notificación acompañarase coas actas das reunións da mesa de contratación, así como dos informes técnicos que no seu caso obren no expediente para a valoración das ofertas, que serven de fundamento para a presente resolución de adxudicación.

Pontevedra, 30 de novembro de 2022

A CONSELLEIRA DELEGADA DE TURISMO DE PONTEVEDRA, S.A.

visit
Pontevedra
TURISMO DE PONTEVEDRA S.A.
C.I.F. A-28517308
M^{ra} Gloria Blanco Rial
36003 PONTEVEDRA

